

A portas dos 25 anos do Certame Literario

Neste tempo de acoso aos sinais de identidade de Catalunya lembreime a miúdo do compromiso e do temple que contaxiaba o amigo Manuel Rodríguez López que dá nome a esta convocatoria tan fecunda en calidade e cantidade...

Gran comunicador, non só na escrita, temos feito longas camiñadas polas ruas de Lugo, ás veces sentindo a complicidáde creativa de Ánxel Fole, pero tamén polos rueiros das Terras de Parga e Guitiriz, saboreando a señoradade chairega. Foi esta transparencia a que o converteu nun gran poeta e narrador, afastado de retóricas e manipulacións, fiel ao leito orixinal da vida que transcorre polas nosas veas.

Asi, nestes encontros fun empapándome da súa traxectoria vital, debullando os seus aconteceres, modulados despois en versos: “*Onete e hoxe vivencial*” (1995), así a arribada a Barcelona áinda neno, orgulloso da súa fala e cultura, nun país que estaba a padecer a tortura da guerra, reacionando co aprezo sen tacha do seu, das súas raíces..., ás olladas aviesas daqueles que oprimían as diferencias. Coñecedor a fondo da historia de Catalunya valoraba os seus fitos na defensa das liberdades, e mesmo lembraba e falaba con rigor dos seus primeiros anos ali sufrindo a intolerancia da guerra e postguerra.

Acertan os guieiros e inspiradores desta agra fecunda dedicada a Manuel Rodríguez que abrolla cada outono con esta froita tan xenerosa coma son os XXIV anos deste Certame, dándolle o título de "poeta emigrante", xa que viviu con todas as consecuencias esta realidade que nos afecta ás e aos galegos, mesmo convertendose nun dos líderes deste colectivo alí, á beira do Mediterráneo, non só coas súas amplas investigacións sobre “*Galegos en Catalunya 1978-1982*” (1983) e “*Galegos en Catalunya*”-2 (1985), sobre todo coa súa sensibilidade cara ao mundo emocional xerado pola distancia e a nostalgia nas mulleres e homes emigrantes.

Porque Manolo non era só un estudiioso desta parcela da nosa historia, era tamén un sanador das crebas e feridas que afectaban ás persoas nesta condición. Analizaba con conciencia a emigración, pero tamén acompañaba coa súa amizade o devir das e dos paisanos, mesmo enfortecéndoos cos seus coñecementos da historia e cultura do noso pobo. Neste eido adiviñamos coma este sabio aplica aos demais a súa propia medicina: curar a nostalgia e a morriña co alento e enerxía de seguir afondando na propia identidade e na fidelidade aos devanceiros.

Manuel-Orestes Rodríguez López

Concibe a cada individuo coma membro dunha comunidade, emporiso potencia a súa relación coa contorna, unha dimensión que el sempre cultivou. Esta faciana do noso creador converteuse nunha lumeirada que segue acendendo unha resposta comunal na súa veciñanza que está a sentir os seus anceios arredor da paisaxe, os labores, as festas..., nas súas achegas xornalísticas ou noutros soportes nos que este autor plural verteu a súa cosmovisión do mundo, coma lemos no programa das festas patronais de 1989: “*Festa da Virxe das Dores de Paradela 1989*”. Sen complexos, partillaba naquela cidade universal, a súa nacencia no rural, preparando o que ía ser o continuo “*Reencontro coa aldea*” (1983) que o sostivo sempre fronte ás veleidades ou modas pasaxeiras. Rexo no compromiso humanista apostou pola solidariedade coas e cos compañeiros de andadura en todos os eidos da súa actividade, así coma obreiro do metal fixose eco dos problemas e inquedanzas de clase nas páxinas de “*Soldada minima*” (1979). Nada do humano lle foi alleo, pero sempre cos pes na terra, na súa paisaxe primixenia...

Non buscaba a solemnidade nin os recursos artificiais, a súa agra literaria arraizou na sabedoría que nace da valoración das cousas más sinxelas, sobre todo nas súas relacions afectivas: a parentela, a contorna, o patrimonio más próximo, as colectividades que o acollerón..., xa que todas estas achegas constituiron o corazón do seu percorrido. E froito desta simbiose é o sentimento agradecido co que correspondía aos mananciais de vida que o emocionaban cada día. Sentíase afortunado e demostrouno na súa obra e no seu compromiso, e así agasallounos coa tradución ó galego do grande poema épico catalán “*A Atlántida*” (1995) de Jacint Verdaguer.

Porén é este talante cordial con todas as criaturas e todos os pobos o que está a espertar unha resposta tan fermosa e diversa en creadoras e creadores de moitos pobos, coma nesta XXIV edición do certame. A busca da beleza é o seu universo, e non ten lindes. Apousa ali onde un espírito libre medra coma señora ou señor da palabra agrandando o mundo cos seus debzos de igoaldade e xustiza, coma podemos disfrutar nestes poemas e relatos.

Alfonso Blanco Torrado

Presidente de Xermolos e da Irmandade Manuel María